

A CIG-Ensino criticou a insuficiente oferta de emprego no ensino presentada pola Consellaría na Mesa Sectorial e esixiu a convocatoria de oposicións en todos os corpos e niveis educativos

A CIG-Ensino manifestou ademais que a orde que regula o nomeamento das Direccións é un argumento máis para pedir a derogación da LOMCE

Na Mesa Sectorial de hoxe, día 10 de febreiro, tratouse a proposta de prazas por especialidade que vai ofertar a Consellaría de Educación, así como a Convocatoria de oposicións para 2015. A oferta presentada pola Consellaría foi a seguinte:

CORPO DE MESTRES		Reserva discapitados	Libre	Total
031	Educación infantil	12	163	175
032	Lingua estranxeira: inglés	3	47	50
034	Educación física	3	32	35
035	Música	3	34	37
036	Pedagogía Terapéutica	3	47	50
037	Audición e Linguaxe	4	51	55
038	Educación Primaria	2	28	30
Total		30	402	432

E 14 prazas para o corpo de inspección.

A CIG-Ensino criticou esta oferta por ser totalmente insuficiente, cando se produciron máis de 4000 xubilacións nestes anos, e a oferta en número de prazas convocadas nas oposicións foi tan só de 585 prazas desde 2011 en todos os niveis e etapas.

A Consellaría insiste en aplicar unha taxa de reposición, que sumada ás de anos anteriores, incide novamente na perda de profesorado, cando xa se produciu unha redución de máis de 3000 docentes desde 2009. Esta redución do profesorado non permite atender as necesidades máis perentorias do ensino: atención á diversidade, reforzo e apoio escolar, como se está a comprobar neste momento cos programas de reforzo e apoio que a Consellaría se nega a dotar co profesorado necesario. Anxo Louzao, Secretario Nacional da CIG-Ensino, manifestou que “unha oferta de emprego tan reducida contribúe, ademais, a deteriorar as condicións de traballo do profesorado e a calidade do ensino. Coa falta de docentes increméntase a impartición de afíns, as itinerancias entre centros, as rateos nas aulas e a carencia de profesorado para

atender as necesidades específicas de apoio educativo, etc. Así mesmo acrecéntase a precariedade ao aumentar a bolsa de profesorado interino e substituto, impedindo a creación de cadros de persoal estábeis nos centros.”

A CIG-Ensino esixiu a convocatoria de oposicións en todos os niveis educativos e criticou o seguidismo da Consellaría que non pon en tea de xuízo a taxa de reposición do Goberno central, en virtude da cal se están deixando de convocar miles de prazas do profesorado que se xubila e non se atende ás necesidades e demandas de profesorado dos centros.

O Secretario Nacional da CIG-Ensino declarou que “chama a atención, sen anteriormente pasar pola Mesa, a convocatoria de 14 prazas ao corpo de inspección, malia o incremento do 25% no ano 2013, cando nin sequera se repoñen o 100% das vacantes producidas nos diferentes niveis educativos e son múltiples as carencias, necesidades e demandas de profesorado nos centros”, explica Anxo Louzao.

Nomeamento de direccións.

Na Mesa tratouse tamén a orde de nomeamento da Direccións. A CIG-Enseño rexeitou a proposta da Consellaría e manifestou a súa oposición a unha orde que, de acordo co marco lexislativo que impón a LOMCE, consolida un modelo de xestión dos centros antidemocrático e calcado da empresa privada en que o director ou directora é propiamente un xerente que, desde a publicación da LOMCE, é directamente nomeado pola Consellaría, aínda que formalmente se convoque unha comisión, pois nela a Administración ten a maioría.

A CIG-Enseño propuxo que o único requisito para ser director ou directora dun centro sexa ser profesor con destino definitivo no mesmo e ter o apoio do claustro e consello escolar. Ademais, Anxo Louzao manifestou que “esta orde, que insta a unha xestión antidemocrática dos centros, é unha evidencia máis da necesidade de seguirmos a reclamar a derogación da LOMCE. E facemos un chamamento ao profesorado que presente a súa candidatura á Dirección para que conte de antemán co apoio do Claustro de profesores e profesoras e do Consello Escolar.

Máis información.

Proximamente enviaremos información do desenvolvemento da mesa ([ligazón](#)), mais xa adiantamos, para o voso coñecemento, que se van convocar prazas de equipos específicos de orientación e prazas de convenio, que podeades consultar a continuación:

Prazas nos equipos de orientación específicos

- **Lugo:** 2 prazas (1 de Trastornos xeneralizados do desenvolvemento e 1 de Discapacidade motoras).
- **Pontevedra:** 3 prazas (1 de Trastornos xeneralizados do desenvolvemento, 1 de Discapacidade motoras e 1 de Discapacidade sensorial).
- **Ourense:** 2 prazas (1 de Trastornos xeneralizados do desenvolvemento e 1 de Discapacidade sensorial).
- **A Coruña.** 3 prazas (2 de Trastornos xeneralizados do desenvolvemento e 1 de Discapacidade sensorial).

Prazas sometidas a convenio ou a programas específicos

- Convenio: *Consellaría de Traballo e Benestar (Dirección Xeral de Familia e Inclusión)*
 - 1 posto para mestra/e no Centro de atención específica Montefiz-Ourense
 - 1 posto para mestra/e no Centro educativo Monteledo-Ourense
- Programa específico: *Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home Galicia:*
 - 1 praza para mestres/as ou profesor de ensino secundario.
- Convenio ONCE, Vigo
 - 1 mestre/a
- Escola de Especialidade Antonio de Escaño-Ferrol (A Coruña)
 - 5 prazas da especialidade Sistemas electrónicos (PES)
 - 2 prazas da especialidade Navegacións e instalacións mariñas (PES)
 - 3 prazas da especialidade Máquinas, servizos e produción (PTFP)
- Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de Graña-Ferrol (A Coruña)
 - 2 prazas da especialidade Administración de empresas (PES)
 - 1 praza da especialidade Hostalaría e turismo (PES)
 - 2 prazas da especialidade Navegacións e instalacións mariñas (PES)
 - 2 prazas da especialidade Cociña e pastelería (PTFP)
 - 1 praza da especialidade Procesos de xestión administrativa(PTFP)
 - 1 praza da especialidade Máquinas, servizos e produción (PTFP)